O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- DESMACO, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.

Os valores ofertados foron o seguintes:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|---|---|---|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. | 54.800,00 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 54.696,57 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 51.323,75 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 51.658,80 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 55.193,55 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NAROM, S.L. | 55.807,81 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO | 55.277,32 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 55.003,69 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| DESMACO, S.L. | 55.841,31 € | 1% | 12 MESES | SI | SI |
| MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | 53.043,66 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MONCOSA OHS, S.A. | 53.049,24 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

5. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)" . (Expte.- 2022047518).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón - Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 6 de marzo de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| EMPRESA | MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO | PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS | TOTAL SOBRE A |
|---|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. | 22,00 | 3,00 | 25,00 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L. | 16,00 | 3,00 | 19,00 |

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 6 de marzo de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón - Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)".*

6. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”. (Expte.- 2022047518).***

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)".*

| EMPRESA | PUNTUACIÓN SOBRE A |
|---|---|
| CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. | 25,00 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L. | 19,00 |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e dercarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTIA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|---|---|---|---|---|---|
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 611.374,49 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 651.168,10 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/03/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES | SOBRE"B" | | | | PUNTUACIÓN SOBRE "B" |
|---|---|---|---|---|---|
| | VALORACIÓN ECONOMICA | PRAZO DE GARANTÍA | CONTROL CALIDADE | CERTIFICADOS 9001/14001 | |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 23,50 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 38,50 |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 3,54 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 18,54 |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto " *Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*", que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACIÓN SOBRE "A" | PUNTUACION SOBRE "B" | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 1ª | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. | 19,00 | 38,50 | 57,50 |
| 2ª | CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 25,00 | 18,54 | 43,54 |

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ........................611.374,49 €
IVE (21%).................................128.388,64 €
Importe Total .............................739.763,13 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

**a)** Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

- 1 Delegado/a do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares

- 1 Xefa/e de Obra, con titulación de Enxeñeira/o de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

- 1 Encargada/o Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

**b)** Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 30.568,72 €

***7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2022072776).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023001071 de data 8 de febreiro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)"*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e a única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. (C.I.F.- B-94057536).

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 6 de marzo de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica, figurando a única empresa presentada e admitidas co seguinte resultado:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

| EMPRESA | MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO | PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS | TOTAL SOBRE A |
|---|---|---|---|
| CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. | 22,00 | 3,00 | 25,00 |

Os membros da Mesa de Contratación comentan que no proceso de licitación deste contrato resaltan o feito de que só se presentou unha única empresa cando nos contratos de obras adoitan, como regra xeral, ser varias empresas as que optan á aduxicación dos mesmos.

O Director de Infraestruturas, Daniel Romay comenta que a empresa Canalis Soluciones Tecnologias, S.L., é coñecida no mercado por dispór de suficiente capacitación técnica para a realización das tarefas establecidas no contrato así como dun alto nivel de coñecementos moi específicos e de abundante experiencia no sector de augas.

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 6 de marzo de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa, Canalis Soluciones Tecnologias, S.L., admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)".*

8. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)" (Expte.- 2022072776).***

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa presentada e admitida ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)"*.

| EMPRESA | PUNTUACIÓN SOBRE A |
|---|---|
| CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. | 25,00 |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e dercarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentado pola empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTIA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|---|---|---|---|---|---|
| CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, S.L. | 162.489,93 € | 3% | 36 MESES | NO | NO |

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/03/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES | SOBRE"B" | | | | PUNTUACIÓN SOBRE "B" |
|---|---|---|---|---|---|
| | VALORACIÓN ECONOMICA | PRAZO DE GARANTÍA | CONTROL CALIDADE | CERTIFICADOS 9001/14001 | |
| CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, S.L. | 36,00 | 5,00 | 5,00 | 0,00 | 46,00 |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto " *Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)*, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACIÓN SOBRE "A" | PUNTUACION SOBRE "B" | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 1ª | CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, S.L. | 25,00 | 46,00 | 71,00 |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

**2.** Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)"* á empresa, CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L. (CIF B94057536), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ................162.489,93 €
IVE (21%) ............................34.122,89 €
Importe Total .................... 196.612,81 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4379) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

**4.** Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

**a)** Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica:

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

| | |
|---|---|
| X | Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).<br>O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. |

**b)** Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

**c)** Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais mínimos que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- Equipo de encamisado con manga continua autoportante
- Equipo robotizado de inspección visual de tubaxes
- Camión hidrodinámico reciclador de augas con equipo succionador/impulsor



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

**d)** Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 8.124,50 €

***9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.-2022070076).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de febreiro do 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023*.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275)

Non admitidas: Ningunha.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

**10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de febreiro do 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 9 de marzo do 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, da única empresa presentada e admitida, e que é a seguinte: Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación do sobre “B”, correspondente á documentación técnica presentada pola empresa admitida neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

**11. *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058144).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 27 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 6 de febreiro do 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

de Contratación do Sector Público) con data 3 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669)

Empresas non admitidas: ningunha.

12. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058144).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 27 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 6 de febreiro do 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 9 de marzo do 2023, procedeu á apertura do sobre "A", correspondente a documentación administrativa, da única empresa

presentada e admitida, e que é a seguinte: FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669).

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación do sobre “B”, correspondente á documentación técnica presentada polas empresas admitidas neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

13. ***Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022058142).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 3 de febreiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe”. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de febreiro de 202, aparecendo publicado o día 8 de febreiro de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 028-080202), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de febreiro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714), ó lote 1.
- Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y), ós lotes 2 e 4
- Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421), ó lote 3
- Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196), ó lote 5
- Frutas Jofesa SL (NIF: B32446981), ó lote 5
- Frutas Barreiro, SL (NIF: B15241037), ó lote 5
- TC Group Atlantico, SL (NIF: B36359230), ó lote 5
- Industrias De Panificacion Campelos Do Coto, S.L. (NIF: B36438083), ó lote 6

***14. Apertura electrónica do sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe. (Expte.- 2022058142).***

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 9 de marzo de 2023 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación contratación da “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe”, sendo as empresas admitidas, en cada un dos lotes, as seguintes:

| Nº | Denominación | EMPRESAS |
|---|---|---|
| Lote 1 | Produtos de almacén e despensa | Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714) |
| Lote 2 | Produtos lácteos | Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y) |
| Lote 3 | Produtos conxelados | Elmar Frozen Food, SLU (NIF: B27849421) |
| Lote 4 | Produtos cárnicos e embutidos | Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y) |
| Lote 5 | Froitas e verduras | Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196)<br>Frutas Jofesa, SL (NIF: B32446981)<br>Frutas Barreiro, SL (NIF: B15241037)<br>Tc Group Atlantico, SL (NIF: B36359230) |
| Lote 6 | Produtos de pastelería e panadaría | Industrias De Panificacion Campelos Do Coto, SL (NIF: B36438083) |

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC

Firmado por: CARLOS LOPEZ FONT - ***7557**
Cargo: Deputado delegado
Data: 14/04/2023 15:32

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta e tres minutos  minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 14/04/2023 12:51



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DNHIZXF2F9LL6KLC